

# As casas rurais amosan os belos Canóns, o mundo do viño e un románico únicos

**LUGARES IDÍLICOS.** OS CATAMARÁNS E OS MIRADORES OFRECEN UNHA VISIÓN ESPECTACULAR DUNHA PAISAXE DE 'FIORDOS', BANCALIS E FRAGAS SENLLEIRAS

**O**s 28 establecementos de turismo rural da Ribeira Sacra ofrecen ao visitante unha paisaxe impresionante, cos Canóns do Sil como pedra angular, románico e enoloxía.

Dende os catamaráns ou oteando nos miradoures de A Cova ou da Cidade, o viaxeiro descubrira os espectaculares Canóns do Sil, con paredes cun desnivel de ata o 70%.

Na orilla sur do río Sil vense os bancais e todo o traballo humano feito arredor deles, coa viticultura heroica. Esas ladeiras foron preparadas para o cultivo da vide de forma respectuosa. Escollerónse porque nelas o sol incide directamente sobre as cepas e o seu froito, quentándoo día e noite. A temperatura é suave incluso ó anoitecer e ese é un dos segredos do padal dos viños da denominación de orixe Ribeira Sacra, o sinal de identidade da zona.

A ladeira norte do Sil está virxe con soutos de castiños e carballeiras centenarias.

A Diputación de Lugo, a través da Vicepresidencia, apóia o turismo na Ribeira Sacra e en toda a provincia.


Xestionan as rutas de catamarán con saída no embarcadoiro de Doade, Sober, no pantano de Santo Estevo de Ribas do Sil. Está aberta todo o ano e permite disfrutar dos fiordos lucenses, cos bancais, vides e ata o mosteiro románico de Santa Cristina.

Tamén hai vías en catamarán polo Miño dende o embalse dos Peares e na cola del en Portomarín, alínda que estas son más estacionais.

A Ribeira Sacra lucense, que aspira coa súa compañeira de Ourense a ser Patrimonio da Humanidade, agoga igrexas e algún mosteiro románicos impresionantes. Destacan os templos de San Miguel de Eiré, en Sober, o mosteiro das Bernardas, en Pantón, Santo Estevo de Ribas do Miño, San Paio de Diomondi, Santa María de Setevante e San Martiño da Cova, en O Saviñao.

En Sober tamén están as igrexas de Santa María de Proendos, San Xillao de Lobios e San Vicente de Pinol, así como o mirador da Cidade. En Pantón sobresaen ademais San Fiz de Cangas e Santo Estevo de Atán.

En Taboada e Chantada son obligadas as visitas as igrexas de San Pedro de Bembibre, Santa María de Pesqueiras, San Salvador de Asma e Santiago de Lousada.



Vista de A Cova (O Saviñao), igrexa románica de Eiré e bancais.



## A FERMOSURA DA RIBEIRA SACRA DE LUGO E OURENSE CONVÉRTEA EN CANDIDATA A PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Enoloxía é outro dos atractivos da Ribeira Sacra e un dos pilares básicos da súa economía. En Monforte está o Centro de Viño, un espazo que serve para divulgar todo o que é a denominación de orixe Ribeira Sacra, con centros de referencia da producción de tódalas súas bodegas. Dispón, asimade, dun bar restaurante anexo.

Na cidade do Cabe cómpre visitar os Escalapios, o conxunto de San Vicente do Pino e o museo de arte relixiosa das Clarisas.

En relación co mundo vitícola, existe unha Ruta do Viño. Trátase

dunha serie de bodegas que poden visitarse e ofrecer catas. No verán complementáse co Vifobús, que leva o viaxeiro por bodegas e miradores con panorámicas de película.

No estío, fines de semana e dasas sinaladas funciona, ademais, o tren turístico Aba Sacra, un convói turístico que amosa segredos.

As casas de turismo rural da Ribeira Sacra dan información aos turistas sobre estas posibilidades nun ambiente de cordialidade. Hai dende casas de aldea recuperadas ata pazos como a Casa Grande de

Roseride, en Sober, a Torre de Vilariño ou a Reitoral de Castrillón, en Escairón.

A Casa da Cabaza, no Incio, oferta un paquete con visita a bodegas, comida nun restaurante e o spa balneario de Augas Santas en Pantón.

Os establecementos de turismo rural de Lugo e Ourense están agrupados dende febreiro na asociación Ribeira Sacra Rural, con 45 negocios e cinco empresas de actividades en total. O seu presidente é Arturo Ruiz. Ademais hai o Consorcio de Turismo.